



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2025

1. ACORDO DE COOPERACIÓN ENTRE O CGAE E O ICA SANTIAGO PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS DIXITAIS

O Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela subscribiu un acordo de cooperación co Consejo General de la Abogacía Española para a execución do Programa de formación en competencias dixitais, que conta con financiamento de fondos europeos e que está impulsado por Unión Profesional (UP) —da que forma parte o CGAE. Coa sinatura deste convenio, o Colexio comprométese, entre outras xestións, a impartir a formación presencial, á captación e coordinación de participantes, á cesión de espazos formativos, ao soporte da actividade formativa, á aplicación de cuestionarios, ás avaliacións e enquisas, e á atención directo ao alumnado.

Desde o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela queremos animarvos a participar nunha iniciativa única que transformará a maneira en que exercemos a avogacía na contorna dixital.

Dirixida a: profesionais da avogacía

Duración: 150 horas (25 presenciais e 125 en liña)

Custo: gratuíta para colexiados/as. A formación ten un custo estimado de 4.000 €/alumno, que está subvencionado con fondos europeos, sempre que o alumno/a finalice o curso.

Programa formativo e inscrición en:

<https://www.abogacia.es/formacion/programa-de-competencias-digitales/>

A formación en liña terá que realizarse canto antes xa que despois haberá que impartir a parte presencial (25 horas, das que 10 serán obrigatorias). Esta última está composta de 4 módulos de 5 horas cada un e deberá realizarse entre os meses de febreiro e xuño de 2026. Ao final da formación realizarase un exame en formato de test e coa súa superación outorgarase un certificado con estándares europeos.

É importante que o alumnado que se matricule complete a formación das 150 horas xa que no caso contrario non se beneficiará da dita subvención europea.

Por que deberías inscribirte?

Porque a dixitalización xa é imprescindible para o noso desenvolvemento profesional e este programa gratuíto para os colexiados proporcionarache as ferramentas necesarias para adaptarche aos novos retos tecnolóxicos, mellorar a xestión do despacho e reforzar a seguridade e a eficiencia no teu traballo diario.

O curso, con 150 horas de formación personalizada e mentorizada (20 presenciais nos colexios da avogacía, dos cales, 10 son obrigatorias e o resto en liña) xa comezou na súa formación en liña. Está deseñado especificamente para os profesionais da avogacía, cun bloque común de 40 horas e outro especializado de 110 horas.

Que aprenderás?

- A utilizar a Intelixencia Artificial como aliada na práctica xurídica.
- A protexer os teus dispositivos e datos persoais de clientes fronte a ciberataques.



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2025

- A xestionar expedientes e comunicacións dixitais con criterios de orde, rastrexabilidade e cumprimento.
- A fortalecer a túa identidade dixital e a visibilidade do teu despacho mediante márketing dixital.
- A aplicar tecnoloxías sostíbles e prácticas dixitais responsables.
- Ademais, obterás o Certificado de competencias dixitais profesionais, un recoñecemento oficial que acreditará a túa capacitación na contorna dixital.

Este programa forma parte de *Xeración D*, unha iniciativa de Red.es (Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública), e capacitará máis de 80.000 profesionais en competencias dixitais e Intelixencia Artificial.

Prepárate para a avogacía do futuro.

Desde o ICA Santiago animámoste a aproveitar esta oportunidade de crecemento e actualización profesional.

2. OUTROS CONVENIOS ASINADOS

O pasado 3 de novembro o Consello da Avogacía Galega asinou coa Consellería de Presidencia e Xustiza os seguintes convenios:

- Convenio para o desenvolvemento de accións de atención profesional a vítimas de violencia sexual
- Convenio para o desenvolvemento de accións de formación especializada a profesionais da avogacía sobre atención a mulleres e menores que sofren violencia de xénero.

O texto completo destes convenios pode consultarse no Portal de transparencia da páxina web colexial en:

<https://www.icasantiago.org/portal-de-transparencia/convenios/>

3. MANUAL: “VERIFACTURA, APLICADO A DESPACHOS DE ABOGADOS”

O Colexio, en virtude do acordo de colaboración co CGAE, adquiriu 100 exemplares do **manual *Verifactura, aplicado a despachos de abogados***, que se distribuirán entre os nosos colexiados e colexiadas ao seu prezo de custo: **5,20 €** (5 € + 4 % IVE).

Este manual poderá adquirirse **dende hoxe na secretaría** do colexio (Eduardo Pondal, 4, baixo).



CIRCULAR INFORMATIVA 22/2025

4. CURSO DE VIOLENCIA DE XÉNERO E VIOLENCIA SEXUAL

Proximamente anunciaremos por circular o programa coas datas e o lugar de realización do curso de especialización en violencia de xénero e violencia sexual que se impartirá a partir do vindeiro 13 de novembro.